

Ferramentas, técnicas e aplicacións (apps) informáticas para una autoorganización produtiva e eficaz

Obxectivos do taller:

Taller teórico-práctico para dar a coñecer as diferentes técnicas e ferramentas de organización de actividades co obxecto de dotar ao alumno dos coñecementos e as habilidades necesarias para obter un maior aproveitamento do tempo.

Datas:

Sábado 21/01/2017 de 09:30 a 14:30

Prezo:

- Colexiados COETFG: 20 €.
- Colexiados COETFG en paro ou Estudiantes de E.T.F. ou Grao Forestal: 15 €.
- Outros interesados: 25 €.

Docente: Xose Sobral. Consultor en optimización de operacións. Master pola Universidade de Vigo en “Innovación e optimización de procesos”.

MATRÍCULA:

Prazas limitadas. **Fin de prazo inscricións: 18/01/2017.**

A matrícula formalizarase mediante o envío do boletín de inscrición, xunto coa copia do DNI e copia do xustificante do pagamento, ben a través do TPV da web (www.forestaisgalicia.es >> e-formacion) ou ben en calquera das seguintes contas:

Banco Popular-Pastor: ES92-0238-8205-40-06.0000.2078

Deutsche Bank: ES49-0019-0443-12-40.1002.3220

Ademais os colexiados en paro deberán axuntar copia da vida laboral, e os estudantes deberán axuntar copia da matrícula.

A documentación pode enviarse por correo electrónico: coetfoga@forestaisgalicia.es ou ben a través da plataforma dixital do COETFG: www.forestaisgalicia.es >> Sección e-formación.

As inscricións realizaranse por estrito orde de recepción das solicitudes.

O mínimo establecido para a realización do curso é de 10 persoas, de non alcanzar este número o COETFG resérvase o dereito de cancelación do mesmo, efectuando a devolución do 100% do importe aboado. No caso de solicitude de cancelación da matrícula por parte do alumno, o COETFG efectuará pagamento do 90% do importe aboado.

COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS
TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA
E ASOCIACIÓN DA ENXEÑERÍA
FORESTAL E MEDIOAMBIENTAL



3ª EDICIÓN 2017 Produtividade persoal

Técnicas de organización de tarefas e xestión eficaz do tempo.

Técnicas de organización de tarefas e xestión eficaz do tempo

Módulo 0. Marco teórico.

Que é a Produtividade Persoal. Matriz da autoxestión e proceso de aprendizaxe da organización persoal eficiente.

Módulo 1. Metas.

Establecemento das nosas metas profesionais e persoais. A importancia da súa claridade para a nosa eficacia. A fluencia, ou estado de fluxo, segundo Mihaly Csikszentmihalyi.

Módulo 2. Proxectos persoais. Organización SMART de proxectos.

Como organizar proxectos (conxunto de actividades vinculadas entre si) para a consecución de obxectivos nun prazo previamente estimado. Obxectivo, resultado óptimo, medición do progreso e organización das accións asociadas ao noso obxectivo.

Módulo 3. Xestión de tarefas.

Método GTD de David Allen para a xestión de actividades. Ferramentas de apoio (tanto informáticas como manuais) para a organización eficaz

do fluxo de tarefas.

Módulo 4. Organización dunha sesión de traballo.

Claves neurocientíficas para a organización dunha xornada produtiva e eficaz.

Adquisición de hábitos produtivos. Establecemento dunha contorna de traballo que facilite a eficacia.

Módulo 5. Diferentes técnicas para a organización do fluxo de traballo.

Trataranse diferentes técnicas e ferramentas para a organización de actividades e a produtividade persoal (ZTD de Leo Babauta; Autofocus, de Mark Foster; Agile Results...). O proceso de divulgación irá acompañado da proba de diferentes ferramentas informáticas de apoio para a autoxestión produtiva.

Módulo 6. Resumo e formulación dun plan de persoal para a organización eficaz.

Resumo xeral dos contidos impartidos e asesoramento para a elaboración dun plan persoal de produtividade persoal e autoorganización eficaz.



Técnicas de organización máis destacadas



**COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIRÓS
TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA
E
ASOCIACIÓN DA ENXEÑERÍA
FORESTAL E MEDIOAMBIENTAL**

Contacto:

Rúa Sánchez Freire, nº 64- Bxo. Dta.
15706 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 520 077, Horario de atención telefónica: de 10.00 a 14.00 horas.

Enderezo electrónico:

coetfoga@forestaisgalicia.es

Web: www.forestaisgalicia.es